



## COMUNICACIÓN ESCRITA: PÓSTER

### A INSERCIÓN LABORAL DOS TITULADOS NO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

#### AUTORES:

*M<sup>a</sup> Patrocinio Morrondo Pelayo<sup>1</sup>, José Eduardo López Pereira<sup>1</sup>, M<sup>a</sup> Carmen Fernández Montes<sup>1</sup>, María D. Sierra Sánchez<sup>1</sup>, Marta Mallo Rey<sup>1</sup>, José M. Baña Souto<sup>1</sup>, Pedro Faraldo Roca<sup>2</sup>, Rosa María Crujeiras Casais<sup>2</sup>, Belén María Fernández de Castro<sup>3</sup>, María José Lombardía Cortiña<sup>4</sup>, Salvador Naya Fernández<sup>4</sup>, José María Matías Fernández<sup>5</sup>, Verónica Carreira Figueiras<sup>6</sup>, Adela Martínez Calvo<sup>7</sup>*

*1 Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)*

*2 Departamento de Estatística e Investigación Operativa. Universidade de Santiago de Compostela*

*3 CESUGA. University College Dublin*

*4 Departamento de Matemáticas. Universidade de A Coruña*

*5 Departamento de Estatística e Investigación Operativa. Universidade de Vigo*

*6 Planning-Caixa Galicia*

*7 Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (Fundación CESGA)*

#### RESUMO

Este traballo recolle unha análise comparativa dos principais resultados acadados nos últimos tres estudos de inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia (SUG) realizados pola ACSUG. Nel analízase a evolución dos aspectos máis importantes no proceso de inserción laboral dos titulados, como son as porcentaxes dos que traballan, continúan estudos ou preparan oposicións; a tipoloxía dos contratos; o tempo que tardaron en atopar emprego e o salario medio mensual dos titulados no SUG dous anos despois de rematar o título.

#### INTRODUCCIÓN

A ACSUG na súa labor de aseguramento e mellora da calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG) contribúe aportando resultados que, por a súa natureza, poden ser de axuda no deseño de estratexias para a revisión e mellora da calidade da oferta formativa universitaria. Coa finalidade de servir de apoio ás institucións universitarias na responsabilidade e compromiso que estas teñen coa "empregabilidade" dos titulados universitarios.

#### OBXECTIVOS

O principal obxectivo destes estudos é coñecer a situación laboral dos titulados universitarios no Sistema Universitario de Galicia (SUG): coñecer a opinión dos titulados sobre a súa situación

laboral, a realidade desta en termos de salario, tipo de contrato ou competencias requiridas e os posibles atrancos con que se atoparon no proceso de inserción no mercado de traballo. Estes factores estúdanse para o global dos titulados no SUG, e desagreganse por ramas de coñecemento: Ciencias da Saúde, Ciencias, Enxeñaría e Arquitectura, Ciencias Sociais e Xurídicas (I, II, III e IV) e Artes e Humanidades (I e II).

**Palabras clave:** inserción laboral, titulados universitarios, traballo, contrato laboral, salario

## DATOS TÉCNICOS

A poboación de interese está constituída polos titulados no SUG durante os cursos académicos 2005-2006, 2006-2007 e 2007-2008.

Curso académico	2007-2008	2006-2007	2005-2006
<b>Poboación</b>	9216	8689	10280
<b>Mostra</b>	4830	4569	5362
<b>Traballo de campo</b>	Maio- Novembro 2010	Maio-Xuño 2009	Maio 2008

*Táboa 1: Titulados no SUG. Tamaños de poboación e mostra.*

O universo ou poboación de interese non pertence a un ámbito xeográfico nun senso estrito, dado que os titulados no SUG non teñen porqué ser necesariamente residentes en Galicia.

A unidade de mostraxe e a unidade informante son a mesma: cada un dos titulados no SUG durante o curso académico correspondente. A estes accedeuse a través de listaxes proporcionadas por cada unha das universidades.

Para cada titulación e campus (subpoboación) seleccionouse unha mostra aleatoria, determinando o tamaño para a estimación da proporción (con varianza máxima) e fixando un erro máximo absoluto do 10%, cun nivel de confianza do 95%. Posteriormente, os resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG obtéñense mediante elevación proporcional ao tamaño de cada subpoboación.

As enquisas realizáronse mediante entrevista telefónica, fixando un número máximo de 5 chamadas por titulado, escollendo estes de xeito aleatorio. O cuestionario empregado foi o mesmo nos tres estudos. No último estudo o traballo de campo foi realizado polo Centro de Atención Telefónica (C.A.T) da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar empregando a metodoloxía C.A.T.I., para a cal os Servizos Informáticos da ACSUG desenvolveron unha aplicación informática.

**RESULTADOS**




Figura 1: Porcentaxe de titulados que traballan (no momento de realizar a enquisa). Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.

Traballa	2005-2006	2006-2007	2007-2008
<b>Si</b>	63,6%	62,8%	58,1%
<b>Si, pero non relacionado</b>	7,5%	3,4%	3,8%
<b>Non</b>	28,9%	33,9%	38,7%

Táboa 2: Porcentaxe de titulados que traballan (no momento de realizar a enquisa). Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.




Figura 2: Porcentaxe de titulados que preparan oposicións, que estudan e/ou que traballan (no momento de realizar a enquisa). Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.

	PIL0506	PIL0607	PIL0708
Conta propia	6,85%	8,75%	8,49%
Conta allea	93,15%	91,25%	91,51%
Dado de alta	78,39%	82,93%	78,88%
Non dado de alta	21,61%	17,07%	21,12%
Con contrato	97,28%	96,24%	97,50%
Sen contrato	2,72%	3,76%	2,50%
Indefinido	40,95%	38,62%	36,57%
Eventual	40,23%	34,98%	43,10%
En prácticas	10,65%	10,15%	6,48%
Bolsa	2,45%	2,66%	5,37%
Outros	5,72%	13,59%	8,49%

Táboa 3. Tipo de contrato. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.




Figura 3 : Distribución dos titulados , segundo o tempo que tardan en atopar emprego despois de obteren o título. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.




Figura 4 : Distribución dos titulados , segundo o salario mensual medio. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores.




Figura 5: Salario medio do SUG para cada sexo e rama de coñecemento para os titulados en 2007-2008 e os titulados en 2006-2007. Os valores que faltan para os homes titulados en Artes e Humanidades I e II en 2006-2007 débense a que os obtidos non eran representativos.

## CONCLUSIONES

- A porcentaxe de titulados que traballan nun emprego relacionado coa súa titulación reduciuse seis puntos porcentuais nos últimos tres estudos realizados, mentres que a

porcentaxe daqueles que traballan en algo sen relación mantense en niveis similares nos últimos dous estudos.

- Na representación do axuste polinómico para a tendencia das porcentaxes de titulados que preparan oposicións, que estudan e/ou que traballan obsérvase unha diminución progresiva no número de titulados que traballan.
- O tempo medio en atopar emprego incrementouse no último estudo de inserción, pasando de a 4,79 meses no estudo anterior a 5,32 meses no último estudo.
- A porcentaxe de titulados que traballan por conta allea diminúe nos dous últimos estudos. O contrato indefinido deixa de ser a modalidade de contratación máis habitual.
- Nos últimos tres estudos percíbese un estacancamento do salario medio mensual coincidindo coa aparición dos primeiros síntomas da crise económica global, aínda en vigor na actualidade.
- O salario medio dun titulado do SUG no curso 2007- 2008 ascende a 1.179,94 euros, no caso das mulleres esta cifra é de 1.138,90 euros e para os homes 1.240,40 euros.

## REFERENCIAS

ACSUG (2006).Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2001-2003

ACSUG (2008).Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2003-2005

ACSUG (2009).Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2005-2006.

ACSUG (2010).Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2006-2007.

ACSUG (2011). Estudio da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2007-2008